




MULLERES EN GALICIA CIFRAS QUE IMPORTAN

#5# MULLER E CIENCIA

As mulleres representan un **piar fundamental nos avances científicos e tecnolóxicos**. Pese a que a súa participación nestes ámbitos estivo **infrarrepresentada**, as científicas contan cada vez con máis presenza en espazos académicos, laborais e de investigación de I+D+i.

España ocupa o quinto posto no índice europeo *She Figures 2024* cunha puntuación global do 79%.

Aínda así, mantéñense os problemas na progresión da carreira investigadora das mulleres, pero **redúcese o teito de cristal** a nivel estatal.



Redución do Índice de Teito de Cristal na Universidade española nun 9%

2018-2019

1,73

2022-2023

1,57

Nota técnica: o índice europeo *She Figures 2024* é o informe trienal da Comisión Europea que monitoriza a igualdade de xénero en investigación e innovación (I+i) na UE.

PRESENZA FEMENINA NAS ÁREAS CIENTÍFICAS EN GALICIA

ÁMBITO ACADÉMICO




Matriculación feminina no Grao de Informática




UNIVERSIDADE	2015-2016	2023-2024
UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC)	11,8%	13,2%
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC)	12,2%	13,2%
UNIVERSIDADE DE VIGO (UVIGO)	14,1%	13,0%


CIENCIAS DA SAÚDE




ENXEÑERÍA E ARQUITECTURA



CIENCIAS



STEM




UNIVERSIDADES GALEGAS ENXEÑERÍA AERONÁUTICA E ENXEÑERÍA DE ORGANIZACIÓN

+10 PUNTOS EN 30 ANOS

ÁMBITO LABORAL


PERSOAL INVESTIGADOR



3.528 MULLERES INVESTIGADORAS EN I+D DISTRIBUCIÓN POR SECTORES

- 31,6% EMPRESAS E INSTITUCIÓNS PRIVADAS SEN FINS DE LUCRO
- 16,2% ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
- 52,1% ENSINANZA SUPERIOR

PERSOAL TRABALLADOR



5.507 MULLERES TRABALLADORAS EN I+D DISTRIBUCIÓN POR SECTORES

- 32,3% EMPRESAS E INSTITUCIÓNS PRIVADAS SEN FINS DE LUCRO
- 21,5% ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
- 46,2% ENSINANZA SUPERIOR

FINANCIAMENTO EN GALICIA

En 2024 o **gasto en I+D en Galicia ascendeu a 1058 millóns de euros**, un **1,3% do PIB**, cun crecemento superior á media estatal (un 9,9% fronte ao 6,93% do conxunto do Estado).

O financiamento científico para mulleres en Galicia está impulsado principalmente a través do **Programa Galego Muller e Ciencia**, que busca reducir a fenda de xénero e fomentar a igualdade no sistema de I+D+i. Entre 2022 e 2025, dispuxo dun orzamento de 44,7M€.



Aportación económica da Xunta de Galicia ás tres universidades públicas galegas en 2026

2.542 M€



85 M€ máis do previsto



ADEMAIS...

A Xunta de Galicia impulsa múltiples iniciativas para transformar a ciencia e a tecnoloxía galega desde a perspectiva de xénero:

- O **Premio María Josefa Wonenburger Planells** que desde 2007 visibiliza e pon en valor as achegas de científicas e tecnólogas galegas.
- A **Unidade de Muller e Ciencia** é un órgano que ten como finalidade incrementar a presenza da muller na ciencia e na tecnoloxía en Galicia.
- O **Programa Investigo**, liña de apoio para fomentar a contratación de persoas desempregadas menores de 30 anos en roles de I+D+i, con máis de 4,8M€ investidos.
- O **programa Galicia Investiga Igualdade** é unha iniciativa pioneira cun investimento de 1,1M€ que beneficia a 10 estudantes predoutorais para que poidan impulsar a súa carreira a través de investigacións con perspectiva de xénero.
- A "**Lei Ángeles Alvariño**" (Lei 13/2021), establece medidas concretas para garantir a igualdade real entre mulleres e homes no ámbito universitario e da investigación.

Nota técnica: os datos desta infografía proceden do informe *Científicas en Cifras 2025* do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades e resto de estadísticas de educación, da Unidade de Muller e Ciencia de Galicia, do Instituto de Estatística de Galicia e do Instituto Nacional de Estatística.

Os programas/axudas da Xunta de Galicia poden variar a súa nomenclatura ao longo do tempo.